

ASUNTO: Alegacións ao ANUNCIO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS DO VIAL ENTRE CERDEDO E CAROI , do 10 de maio de 2023 do Concello de Cerdedo-Cotobade, polo que se somete a información pública a aprobación inicial do Plan especial de infraestruturas da vía Cerdedo-Caroi
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230510/AnuncioG0477-040523-0001_gl.html

Don/Dona _____ con DNI _____ e con enderezo a efectos de notificacións en _____ municipio de _____, provincia de _____

EXPÓN:

Á vista do anuncio do 10 de maio de 2023, do concello de Cerdedo-Cotobade, polo que se somete a información pública o **PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS DO VIAL ENTRE CERDEDO E CAROI** DOG Nº89 Mércores 10 de maio de 2023 Páx. 29226, por medio do presente escrito **PRESENTA AS SEGUINTE ALEGACIÓNS:**

ALEGACIÓN 1. *A fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade foi aprobada por Decreto 134/2016, constituíndo un único concello denominado Cerdedo-Cotobade, non foi referendada e non tiña a aprobación da veciñanza*, xa que non foi consultada. *O municipio conta a día de hoxe con dous núcleos reitores que exercen de capitalidade do concello: O Chan-Carballedo, en Cotobade e Cerdedo en Cerdedo, situados a unha distancia aproximada de 10Km.* En ambas capitalidades sitúanse as dotacións correspondentes aos lindes dos concellos extintos que cobren por proximidade os servizos que as parroquias requiren. No caso de Cerdedo: o Ceip. San Xoán Bautista, o centro de saúde de Cerdedo, o Punto de Atención Continuada e a sede do concello de Cerdedo. En caso de estar embarazada, a matrona está en Lérez, e a pediatra en Forcarei ou Tenorio, onde xa temos a N-541. **Non é necesario unha mellora de comunicacións coa outra capitalidade do concello.**

ALEGACIÓN 2. *Como se pode observar, ningunha das dúas capitalidades ocupa unha posición central, situándose unha ao noreste e outra ó sudoeste do municipio, a unha distancia en liña recta de 10 Km, que coas estradas actuais é de 17,7km e no tramo que propón o PEI de 7,6km. O vial só modifica o trazado no val de Cerdedo e na aldea da Revolta (2km e atravesando un núcleo de poboación) no resto do tramo mantéñese sobre a vía actual, polo que a distancia será a mesma e a velocidade da vía non poderá exceder os 30km/h nos núcleos de poboación e os 90km/h nos tramos interurbanos, igual que agora (A Revolta, Viduido, Chamadoira, Medelo e Coto) , así que en termos temporais non suporá ningunha melloría.*

ALEGACIÓN 3. **Non consta ningún informe do tráfico actual da estrada que xustifique** escasa e insuficiente sección na maioría dos casos para soportar dita intensidade de tráfico

ALEGACIÓN 4. **SUPÓN A DESTRUCCIÓN DO VAL DE CERDEDO, e da vida cotiá das aldeas que atravesa**

ALEGACIÓN 5. **Supón a TALA DE CARBALLOS CENTENARIOS no monte comunal da Revolta-Cabenca**

ALEGACIÓN 6. **NON** se especifican nin se orzamentan os plans de actuación para a protección dos criterios de integración da paisaxe

ALEGACIÓN 7. **Deficiente avaliación ambiental estratéxica no que respeta** ao trazado que transcorre por solo non urbanizable de núcleo rural, solo non urbanizable de protección forestal e solo rústico de protección agropecuaria, solo rústico de protección forestal e solo rústico de protección do patrimonio

ALEGACIÓN 8. **Deficiente avaliación da afección a hábitats e especies de interese comunitario consonte á Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.**

ALEGACIÓN 9. **Deficiente avaliación da afección a especies incluídas no Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas.**

Por todo o anteriormente exposto **SOLICITO** que teña por presentado este escrito e por formuladas as alegacións que contén, que se presentan en tempo e forma, que sexan estimadas as mesmas e que en consecuencia **se escolla a ALTERNATIVA 0 que propón a NON execución do vial, e o mantemento en boas condicións das estradas existentes e dos servizos e dotacións municipais de ambas capitalidades** e téndome por parte interesada, déseme traslado da resolución que recaia no presente procedemento administrativo.

En _____ a _____ de _____ del 2023

Asinado: _____